

# 10 de marzo día da clase obreira galega

## EMPREGO NA GALIZA

10 de marzo é unha data para a historia da clase obreira galega. En 1972 as comarcas de Ferrol e Vigo foron escenario durante semanas da loita máis dura da nosa clase contra a ditadura franquista. A defensa dos nosos convenios, dos dereitos no traballo e do emprego provocou unha brutal represión por parte do réxime fascista que tivo como consecuencia a morte de Amador e Daniel e centos de detencións.

**P**ORÉN aqueles sucesos, polo que tiveron de demostración palpábel da vocación de loita da clase traballadora, constituirían o principio da fin da ditadura.

Hoxe vivimos outra ditadura. Sometidos/as nun réxime ateigado de corrupción que goberna a favor dos máis ricos, dos bancos e das grandes empresas. As súas políticas provocan miles de desempregados/as; a caída dos salarios e o empobrecemento masivo da nosa clase; a perda da vivenda e problemas severos de alimentación para miles de familias, o que ameaza a nosa propia subsistencia. Os recortes en saúde atacan o principal dereito, o dereito á vida, e deixan sen atención a máis dun millón de dependentes. En troca, o Goberno español entregou nestes dous anos máis de 80.000 millóns de euros para axudar á banca privada.

Na Galiza, as políticas deseñadas pola Unión Europea e executadas coa complicidade do Goberno español –tanto do PSOE como do PP– e da Xunta baixo presidencia de Alberto

Núñez Feijóo, só benefician ao capital financeiro e ás grandes empresas españolas da comunicación, enerxéticas e eléctricas, principais defraudadoras en paraísos fiscais. Asemade, padecemos o desmantelamento dunha parte importante do noso tecido produtivo coa destrución, nestes catro últimos anos, de máis de 240.000 postos de traballo e a emigración (exilio) de mais de 100 mil mozos/as.

Fronte esta situación, na CIG estamos a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular no Parlamento galego que propón numerosas medidas para o crecemento económico e a creación de emprego digno na Galiza. Temos alternativas e un futuro digno para o noso pobo, pero necesitamos gobernar os nosos recursos; defender os nosos intereses como nación, de tal maneira que nin España nin Europa contiñan espoliando as nosas riquezas en beneficio do capital transnacional. Non será posíbel con estes Gobernos corruptos do PP. Con eles non temos futuro.



Confederación Intersindical Galega

**Hoxe máis ca nunca  
sindicalismo nacionalista  
e de clase**

